

B.4. EDUCACIÓN

Analizados tanto os programas relacionados coa formación e colocación desenvolvidos na comunidade autónoma coma as accións formativas nas escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento no capítulo **2.2.- POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO**, este apartado ten coma obxectivo presentar, dunha banda, os principais datos do ensino de réxime xeral, e doutra, os do ensino universitario.

Ao igual que o acontecido no curso anterior, o curso 2005-06 caracterizouse en Galicia pola perda do número de alumnos tanto no conxunto de centros non universitarios de réxime xeral coma nas tres universidades galegas.

En relación ao curso 2004-05, Galicia presentou no último ano, tanto no ensino público coma privado, unha caída do número de centros e alumnos nos centros de ensino non universitario. Pola contra, e ao igual que o acontecido no conxunto do Estado, aumenta o número de profesores nos centros públicos e privados. O gasto público por alumno en educación non universitaria medrou en Galicia ao longo do período 2002-2004 dende os 3,4 miles de euros do primeiro ano ata os 3,8 miles de euros de 2002. Comparado coa total estatal, cómpre salientar que a comunidade autónoma de Galicia sitúase nos tres anos considerados por riba do gasto medio por alumno.

As universidades galegas, ao igual que o conxunto das universidades españolas presentan unha nova caída do seu número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo. Pola contra, o número de alumnos matriculados nos cursos de terceiro ciclo medrou en relación ao curso anterior.

ENSINO DE RÉXIME XERAL

Os datos da *Estadística de la educación en España*, publicados polo Ministerio de Educación y Ciencia, reflicten que, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, Galicia experimenta unha caída do número de centros e do alumnado tanto na educación pública como na privada. Pola contra, ao igual que en España, o número de profesores medrou nos centros públicos e privados.

Nos centros de ensino de réxime xeral da comunidade autónoma de Galicia o número de alumnos matriculados no curso lectivo 2005-06 foi de 374.726, un 1,7% menos que no curso anterior. Tendo en conta a medra do alumnado no conxunto do Estado, a importancia relativa dos alumnos galegos no total estatal descende unha décima para situarse no 5,4% no último curso. O número de profesores nos centros galegos medrou no último ano un 1,1%, nove décimas menos que no conxunto do Estado, acadando os 36.257 profesores (o 6,1% do profesorado en España).

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, Galicia presenta unha maior proporción de centros públicos que a media estatal. Os datos do **cadro 4.4.2** indican que oito de cada dez centros escolares son públicos fronte aos sete de media no conxunto do Estado. A estes centros públicos asisten en Galicia o 72,1% dos alumnos e imparten clase o 79,6% dos profesores, mentres que a media estatal foi do 67,5% dos alumnos e o 73,4% dos profesores.

Tendo en conta a devandita evolución do alumnado e do profesorado, no último curso descende a ratio alumno/profesor, que acada os 10,3 alumnos en Galicia (10,6 alumnos no curso 2003/2004),

Evolución do gasto público por alumno en educación non universitaria 2002-04

	2002	2003	2004 (1)
	(en miles de €)		
Andalucía	2,5	2,6	2,8
Aragón	3,2	3,4	3,4
Asturias	3,5	3,7	4,0
Baleares	3,1	3,3	3,6
Canarias	3,1	3,3	3,5
Cantabria	3,1	3,2	3,9
Castela e León	3,4	3,6	3,8
Castela-A Mancha	3,3	3,4	3,6
Cataluña	2,8	3,0	3,2
C. Valenciana	3,0	3,2	3,3
Extremadura	3,4	3,3	3,6
Galicia	3,4	3,5	3,8
Madrid	2,5	2,7	2,8
Murcia	2,7	2,9	2,9
Navarra	4,3	4,5	4,5
País Vasco	4,7	5,0	5,1
A Rioxa	3,2	3,5	3,7
Total	3,2	3,2	3,3

(1) datos provisionais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de *Ministerio de Educación y Ciencia e Consejo Económico y Social, Memoria sobre la situación socioeconómica y laboral 2004*

3.4.1.

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. no curso 2005-06 (1)

	Centros			Profesorado			Alumnado		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	3.848	2.950	898	104.311	85.516	18.795	1.405.835	1.070.556	335.279
Aragón	753	489	264	17.033	12.167	4.866	186.501	119.651	66.850
Asturias	466	363	103	12.754	10.030	2.724	123.015	84.730	38.285
Baleares	432	296	136	13.302	9.343	3.959	149.513	94.351	55.162
Canarias	1.048	880	168	26.529	22.133	4.396	327.392	255.384	72.008
Cantabria	306	218	88	7.305	5.447	1.858	77.630	50.671	26.959
Castela e León	1.286	953	333	33.610	25.232	8.378	350.399	235.558	114.841
Castela - A Mancha	1.022	863	159	28.987	25.122	3.865	319.578	261.945	57.633
Cataluña	4.062	2.697	1.365	90.377	57.083	33.294	1.081.401	659.932	421.469
C. Valenciana	2.096	1.471	625	64.031	48.065	15.966	717.164	493.078	224.086
Extremadura	668	569	99	16.121	13.855	2.266	185.610	148.003	37.607
Galicia	1.753	1.389	364	36.257	28.860	7.397	374.726	270.077	104.649
Madrid	2.688	1.410	1.278	77.545	47.347	30.198	951.597	518.591	433.006
Murcia	720	564	156	19.001	15.341	3.660	246.130	182.286	63.844
Navarra	369	301	68	8.344	5.912	2.432	91.744	60.119	31.625
País Vasco	1.012	657	355	30.267	18.053	12.214	314.684	153.059	161.625
Rioxa	119	84	35	3.680	2.716	964	43.252	28.765	14.487
Ceuta	30	22	8	1.287	1.039	248	15.608	11.614	3.994
Melilla	28	21	7	1.228	1.082	146	15.431	12.877	2.554
Total	22.706	16.197	6.509	591.969	434.343	157.626	6.977.210	4.711.247	2.265.963
Galicia / España	7,7	8,6	5,6	6,1	6,6	4,7	5,4	5,7	4,6

(1) Ensinos de réxime xeral: Inclúe o alumnado en Ed. Infantil, Ed. Primaria, Centros Ed. Primaria e E.S.O., Centros E.S.O. e/ou Bach. e/ou F.P., Centros Ed. Primaria, E.S.O. e Bach./F.P., Centros Específicos Ed. Especial, Centros Específicos Educación a distancia e Centros que imparten combinacións de ensinanzas de Réximen Xeral non consideradas noutros tipos de centros.

Fonte: *Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España*

3.4.2

Centros docentes en funcionamiento nos cursos 2004-05 2005-2006: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	2004-2005			2005-2006		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. infantil	1.223	997	226	1.180	966	214
Ed. Primaria	992	797	195	963	770	193
Ed. Especial	75	21	54	76	21	55
ESO	520	340	180	520	340	180
Bacharelato - Rex. Ordinario	296	223	73	293	223	70
Bacharelato - Rex. Adultos	38	38	-	39	38	1
Bacharelato a distancia	1	1	-	1	1	-
C.F.Gr. Medio - Rex. Ordinario	195	143	52	198	144	54
C.F.Gr. Medio - Rex. Adultos	33	33	-	33	33	-
C.F.Gr. Superior - Rex. Ordinario	184	138	46	179	136	43
C.F.Gr. Superior - Rex. Adultos	28	28	-	25	25	-
Educación de adultos	114	105	9	114	104	10
Programas de Garantía Social (2)	187	168	19	159	140	19
Total	3.886	3.032	854	3.780	2.941	839

(1) Inclúense os centros con unidades substitutivas de centros de Ed. Especial en centros ordinarios

(2) Non se inclúen os centros de Educación de adultos que imparten Programas de Garantía Social

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

3.4.3.

Alumnado matriculado no curso 2004-2005 e 2005-2006: distribución segundo ensino e tipo de centro

	Curso 2004-2005			Curso 2005-2006		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. infantil	59.068	40.109	18.959	60.143	40.755	19.388
3 anos	19.214	13.090	6.124	19.486	13.099	6.387
4 e 5 anos	39.854	27.019	12.835	40.657	27.656	13.001
Ed. primaria	125.473	85.867	39.606	123.307	84.087	39.220
Ed. Especial	1.305	792	513	1.442	659	783
ESO	104.411	74.057	30.354	101.423	71.341	30.082
Primeiro ciclo	52.391	37.094	15.297	52.252	36.861	15.391
Segundo ciclo	52.020	36.963	15.057	49.171	34.480	14.691
Bacharelato	36.390	30.087	6.303	35.227	29.080	6.147
Primeiro curso	18.683	15.602	3.081	18.387	15.290	3.097
Segundo curso	17.707	14.485	3.222	16.840	13.790	3.050
Bacharelato (Réx. Adultos)	3.604	3.604	-	3.562	3.557	5
C.F. Grao Medio (Réx. Ordinario)	16.308	13.002	3.306	15.738	12.669	3.069
só FCT	3.642	2.680	962	3.114	2.402	712
C.F. Grao Medio (Réx. Adultos)	1.781	1.781	-	1.791	1.791	-
C.F. Grao Superior (Réx. Ordinario)	17.568	14.293	3.275	16.656	13.890	2.766
só FCT	2.644	2.042	602	2.479	2.091	388
C.F. Grao Superior (Réx. Adultos)	2.066	2.066	-	2.074	2.074	-
Progr. Garantía Social	2.476	2.049	427	2.348	1.972	376
Iniciación profesional	1.027	1.027	-	1.037	1.037	-
Formación e Emprego	1.293	874	419	1.175	809	366
E. Especial (centros específicos)	156	148	8	136	126	10
Bacharelato a distancia	2.736	2.736	-	2.578	2.578	-
C.F. Grao Medio a distancia	-	-	-	-	-	-
C.F. Grao Superior a distancia	-	-	-	-	-	-
Ensinanzas básicas (Nivel I e II)	488	454	34	588	529	59
Nivel III (presencial)	4.896	4.661	235	5.099	4.815	284
Nivel III (distancia)	3.205	3.205	-	3.205	3.205	-
Total	381.775	278.763	103.012	375.181	273.002	102.179

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

3.4.4.

Profesorado nos cursos 2004-05 e 2005-2006: distribución segundo nivel de ensinanza que imparten ⁽¹⁾

	Curso 2004-05			Curso 2005-06		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. Infantil e Ed. Primaria (2)	13.543	10.609	2.934	13.865	10.795	3.070
Ed. Secundaria e F.P. ⁽³⁾	18.569	15.407	3.162	18.921	15.747	3.174
Ambos grupos de niveis (4) + Orientación	3.393	2.262	1.131	3.134	2.096	1.038
Educación Especial (5)	341	227	114	337	222	115
Educación Adultos (6)	424	410	14	426	412	14
Total	36.270	28.915	7.355	36.683	29.272	7.411

(1) Inclúese o profesorado de todas as ensinanzas de réxime xeral, incluído o de educación a distancia.

(2) Refírese ao profesorado que atende exclusivamente alumnado de E. Infantil / E. Primaria e non atende alumnado de ESO, Bacharelato e Formación Profesional. Atópanse incluídos os substitutos comarcais e o profesorado itinerante.

(3) Refírese ao profesorado que imparte exclusivamente ensinanzas de ESO, Bacharelato e Formación Profesional.

Atópanse incluído o profesorado en tarefas de dirección e outro profesorado sen función docente, ademais do profesorado dos departamentos de orientación.

(5) Refírese ao profesorado de centros específicos.

(6) Inclúe o profesorado dos centros específicos de adultos (EPA) e o profesorado de centros ordinarios que imparten EPA exclusivamente.

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

3.4.5.

Número de alumnos por unidade/grupo nos cursos 2004-05 e 2005-2006: distribución segundo ensino

	Curso 2004-05			Curso 2005-06		
	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total
Ed. Infantil - Primeiro Ciclo (Cons. de Familia)	-	-	-	-	-	-
Ed. Infantil - Segundo Ciclo	16,2	21,4	17,6	16,7	21,6	18,0
Ed. Primaria	16,1	22,2	17,5	15,7	22,1	17,3
Ed. Especial	5,1	5,5	5,2	4,2	5,8	5,0
ESO	21,1	25,2	22,2	20,2	25,1	21,5
Bacharelato (Réx. Ordinario)	22,8	21,4	22,5	21,7	19,2	21,2
Bacharelato (Réx. Adultos)	23,6		23,6	21,4	5,0	21,3
C.F. Grao Medio (Réx. Ordinario) (1)	18,1	16,5	17,8	17,6	16,1	17,3
C.F. Grao Medio (Réx. Adultos)	22,3		22,3	23,6		23,6
C.F. Grao Superior (Réx. Ordinario) (1)	20,5	15,3	19,3	19,4	14,2	18,3
C.F. Grao Superior (Réx. Adultos)	24,3		24,3	24,7		24,7
Programas de Garantía Social	11,2	11,9	11,3	10,1	11,1	10,3

(1) Exclúese o alumnado que só está a facer a formación en centros de traballo

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

3.4.6.

sendo esta relación de 9,4 alumnos nos centros públicos e de 14,1 nos centros privados. No conxunto do Estado tamén se reduce a devandita ratio, situándose nos 11,8 alumnos por profesor (10,8 alumnos nos centros públicos e 14,4 alumnos por profesor nos centros privados).

No que atinxe aos diferentes niveis educativos, o **cadro 3.4.4.** reflicte unha medra do alumnado tanto nos centros de educación infantil, que acadan os 60.143 alumnos no curso 2005/2006 (o 67,8% en centros públicos) coma nos centros de educación especial, con 1.442 alumnos (45,7% en centros públicos). No primeiro caso, a medra prodúcese tanto nos centros públicos como privados, e no segundo caso, a caída do alumnado nos centros públicos e compensada polo incremento nos centros privados de educación especial.

Nas etapas de escolarización correspondentes á educación primaria, ESO e bacharelato, o alumnado descendeu, en conxunto, un 2,4% (6.517 persoas), para situarse nos 266.097 alumnos (o 71,6% asiste a centros públicos). Nos ciclos formativos de Formación Profesional, o número de alumnos no curso

Taxa bruta de escolaridade no curso 2005-06: distribución segundo nivel de ensino

	Primeiro ciclo E. Infantil (0 - 2 anos) (1)	Segundo ciclo E. Infantil (3 - 5 anos) (1)	Bacharelato (16 - 17 anos) (2)	Programas Garantía Social (16 - 17 anos) (2)	Ciclos Formativos Grado Medio (16 - 17 anos) (2)	Ciclos Formativos Grado Superior (18 - 19 años) (2)
	(%)					
Andalucía (3)	2,8	98,5	61,4	3,4	25,6	14,4
Aragón	28,6	100,0	68,7	7,5	29,0	19,3
Asturias	7,1	95,3	74,5	2,2	31,1	28,2
Baleares	9,0	92,5	52,1	3,8	20,4	6,6
Canarias	0,0	94,0	61,6	4,8	26,4	15,7
Cantabria	12,2	96,9	72,9	3,9	33,8	22,7
Castela e León	11,9	100,0	81,1	8,5	29,0	23,4
Castela-A Mancha	2,7	100,0	64,6	5,1	19,4	13,0
Cataluña	31,0	97,3	66,4	4,1	27,0	15,9
C. Valenciana (3)	10,0	95,2	59,8	3,2	27,5	15,9
Extremadura (3)	2,1	100,0	65,6	6,4	22,8	13,6
Galicia (4)	13,6	99,5	76,0	4,6	34,4	31,0
Madrid	28,7	93,1	75,1	5,4	17,6	13,9
Murcia	11,8	100,0	63,6	7,4	20,5	11,6
Navarra	24,1	98,0	69,6	8,6	28,4	16,6
País Vasco	44,9	100,0	84,8	11,6	32,1	30,9
A Ríoxa	4,3	99,1	64,4	6,6	32,2	17,6
Ceuta	3,3	100,0	58,9	24,2	21,6	17,8
Melilla	8,5	100,0	64,7	10,1	21,4	10,7
TOTAL	16,3	97,4	67,3	5,0	25,6	16,8

Para o cálculo das taxas empregáronse as Proxeccións de Poboación Base Censo 2001 do INE. O desaxuste entre as cifras proxectadas e a evolución real da poboación podería afectar á calidade dos resultados deste indicador por C.A..

(1) Taxa neta para o grupo de idade referido.

(2) Non inclúe o réximen de Educación a distancia.

(3) Datos do curso 2004-05 para o alumnado de Actuacións de Garantía Social.

(4) Datos do curso 2004-05 para o alumnado de Primeiro ciclo de E. Infantil.

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.7.

2005-06 foi de 36.259, un 3,9% menos que no curso anterior, producíndose esta caída tanto no ciclo medio coma superior. Cómpre salientar que o 83,9% dos alumnos destes ciclos formativos de formación profesional acude a centros de titularidade pública.

Xunto á escolarización, cómpre facer referencia a dous indicadores dos resultados educativos: o abandono educativo prematuro e o nivel de formación da poboación nova. No que atinxe ao primeiro, os datos do **cadro 3.4.8.** reflicten que o 24,6% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou, en 2004, o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación (31,7% no sistema educativo español). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase en 2004 (último dato dispoñible) coma a sexta comunidade con menor abandono educativo, por detrás do País Vasco, Castela e León, Aragón, Navarra e Madrid.

Ao igual que no conxunto do Estado, o abandono escolar prematuro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose estas porcentaxes en Galicia no 31,7% e o 16,8%, respectivamente. Por contra, e a diferenza do que sucede en España, este indicador descende entre 1999 e 2004, tanto no caso dos homes coma das mulleres

Canto ao nivel de formación da poboación nova, o 68,7% da poboación entre 20 e 24 anos completou ao menos o nivel de ensinanza secundaria 2ª etapa, sendo esta porcentaxe do 61,1% no conxunto do Estado. Comparado co resto das CC.A., os datos recollidos no **cadro 3.4.9.** amosan que Galicia se sitúa coma a sexta comunidade coa maior porcentaxe, por detrás das mesmas CC.AA. que no caso do abandono educativo.

Abandono educativo prematuro ⁽¹⁾ nas CC.AA. 1999 e 2004: distribución segundo sexos

	Total		Homes		Mulleres	
	1999	2004	1999	2004	1999	2004
Andalucía	36,1	38,7	42,3	45,3	29,9	31,8
Aragón	24,3	22,3	28,0	29,3	20,8	14,9
Asturias	24,3	29,1	29,9	33,0	18,7	25,0
Baleares	39,1	46,0	49,5	51,3	28,8	40,3
Canarias	36,6	34,4	43,3	40,8	29,9	27,9
Cantabria	25,3	28,1	33,8	34,3	17,1	21,5
Castela e León	20,2	21,7	27,3	27,6	13,0	15,5
Castela - A Mancha	38,3	36,7	44,7	45,5	31,7	27,0
Cataluña	29,0	34,2	35,7	40,6	22,0	27,4
C. Valenciana	31,9	34,3	38,0	44,0	26,0	24,3
Extremadura	41,2	41,7	51,6	51,7	31,0	31,6
Galicia	25,6	24,6	32,0	31,7	19,2	16,8
Madrid	22,0	23,2	24,7	28,3	19,3	17,9
Murcia	35,3	43,9	41,3	51,9	28,8	35,3
Navarra	19,5	22,6	23,9	30,9	14,8	14,0
País Vasco	13,6	12,7	17,4	16,8	9,6	8,3
Rioxa	30,4	36,2	35,6	42,9	25,4	29,0
Ceuta e Melilla	38,4	41,7	40,5	46,9	36,4	36,6
Total	29,3	31,7	35,1	38,5	23,4	24,6

(1) Porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de Ensino Secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.8.

Nivel de formación da poboación nova ⁽¹⁾ nas CC.AA. 1999 e 2004: distribución segundo sexos

	Total		Homes		Mulleres	
	1999	2004	1999	2004	1999	2004
Andalucía	56,8	52,1	50,1	46,0	63,6	58,5
Aragón	70,5	70,8	66,7	59,9	74,3	82,3
Asturias	68,4	65,0	60,4	57,5	76,5	72,8
Baleares	55,7	46,1	45,7	37,2	65,6	55,3
Canarias	55,6	57,9	50,1	50,3	61,0	65,5
Cantabria	69,5	64,9	58,7	59,3	80,4	70,8
Castela e León	72,0	71,7	63,8	63,2	80,3	80,6
Castela - A Mancha	54,8	53,8	49,0	43,8	60,7	64,6
Cataluña	67,6	59,3	61,0	53,3	74,3	65,6
C. Valenciana	62,4	59,3	53,9	49,0	70,8	70,1
Extremadura	53,2	50,6	43,2	39,5	63,3	62,4
Galicia	68,0	68,7	60,0	61,0	75,8	76,7
Madrid	73,6	70,5	69,9	65,1	77,2	76,0
Murcia	57,3	50,6	52,3	42,3	62,5	59,5
Navarra	78,8	71,2	76,3	64,1	81,5	78,6
País Vasco	83,2	80,6	78,2	77,4	88,3	84,0
Rioxa	65,7	57,2	58,9	50,6	72,3	64,3
Ceuta e Melilla	54,9	49,1	52,0	48,3	57,9	49,7
Total	65,2	61,1	58,7	53,9	71,7	68,6

(1) Porcentaxe de poboación entre 20 e 24 anos que completou polo menos o nivel de Ensino Secundario 2ª etapa

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.9.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2003-04 a 2005-06: primeiro e segundo ciclos

	2003/2004	2004/2005	2005/2006
Universidade de Santiago	32.911	30.979	29.484
Campus Santiago	24.948	23.735	22.850
Campus Lugo	7.963	7.244	6.634
Universidade da Coruña	25.183	24.009	22.946
Campus da Coruña	21.082	20.139	19.324
Campus de Ferrol	4.101	3.870	3.622
Universidade de Vigo	25.562	24.437	23.153
Campus de Vigo	16.076	15.107	14.154
Campus de Ourense	6.059	5.803	5.464
Campus de Pontevedra	3.427	3.527	3.535
Galicia	83.656	79.425	75.583

Fonte: IGE

3.4.10.

As mulleres presentan un nivel educativo superior ao dos homes, sendo a porcentaxe de mulleres entre 20 e 24 anos con estudos de educación secundaria 2ª etapa rematados do 76,7%, fronte ao 61,0% no caso dos homes. Mentres que esta porcentaxe medra en Galicia entre os anos 1999 e 2004, España presenta, de media, unha caída tanto no caso dos homes coma das mulleres.

EDUCACIÓN UNIVERSITARIA

As universidades galegas consideradas no seu conxunto presentan, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha nova redución do seu alumnado. Esta caída concéntrase nos estudos de ciclo largo, mentres que continúa o ascenso do alumnado de terceiro ciclo.

O número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, **cadro 3.4.10.**, descendeu en Galicia un 4,8% (3.842 alumnos), acadando os 75.583 alumnos no curso 2005/06. A Universidade de Santiago de Compostela é a que presenta o maior número de alumnos, con 29.484 persoas, o 39,0% dos universitarios galegos, seguida pola de Vigo, 23.153 alumnos (30,6%) e a de A Coruña, con 22.946 alumnos (30,4%). A caída máis importante prodúcese na universidade de Vigo, cun descenso do 5,3% respecto ao curso anterior, seguida da de Santiago de Compostela, cun 4,8%, e a de A Coruña, cun 4,4%.

Ao igual que o acontecido no curso anterior, esta caída rexistrouse en seis dos sete campus universitarios, rexistrándose a única medra no campus de Pontevedra. En termos relativos, os descensos máis importantes foron os dos campus de Lugo, cun 8,4% menos de alumnos, e os de Ferrol e Vigo, co 6,4% e 6,3%, respectivamente.

En relación ao curso lectivo anterior, no curso 2005/2006 permanece constante no 57,4% a porcentaxe de mulleres que estudia nas universidades galegas. Cómpre salientar a elevada presenza de mulleres na Universidade de Santiago de Compostela, onde as universitarias representan o 64,8% dos alumnos matriculados, fronte ao 54,1% de Vigo ou os 50,8% de A Coruña.

Como reflicte o **cadro 3.4.11.**, case a metade dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas (46,9%), seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, cun 27,7% dos alumnos, e as ciencias da saúde, con aproximadamente un dez por cento dos mesmos. No último ano, a presenza de alumnos estranxeiros segue sendo reducida, acadando o 1,0% do total de alumnos matriculados (781 persoas) fronte ao 1,7% da media española.

No concernente aos cursos de terceiro ciclo, o **cadro 3.4.12.** reflicte que no ano lectivo de 2005/2006, o número total de alumnos inscritos ascendeu ata os 3.938 alumnos, dos que máis da meta-

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2004-05 e 2005-06: distribución segundo ramas de ensino

	curso 2004-05					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	235.121	22.260	20.256	116.736	54.653	21.216
Aragón	34.009	2.306	2.284	14.542	10.801	4.076
Asturias	31.619	2.209	3.110	13.250	11.340	1.710
Baleares	12.431	1.179	926	8.194	1.532	600
Canarias	46.274	4.624	2.225	22.366	12.908	4.151
Cantabria	11.260	518	354	4.842	4.729	817
Castela e León	88.884	8.693	6.244	36.883	29.048	8.016
Castela-A Mancha	28.292	2.904	1.051	14.208	7.745	2.384
Cataluña	188.159	19.271	16.431	83.986	49.986	18.485
Extremadura	24.861	1.714	1.847	10.953	7.089	3.258
Galicia	79.074	5.869	6.292	37.385	21.772	7.756
Madrid	238.590	18.149	19.414	112.913	66.027	22.087
Murcia	38.732	2.876	3.392	20.029	8.321	4.114
Navarra	16.810	408	1.111	6.458	6.245	2.588
País Vasco	62.596	5.268	3.732	29.485	20.672	3.439
A Ríoxa	6.756	1.194	439	3.199	1.674	250
C. Valenciana	139.792	13.063	10.781	59.331	44.722	11.895
UNED	146.330	18.401	5.970	101.910	20.049	-
Oberta de Cataluña	33.307	3.197	-	23.402	6.708	-
Total	1.462.897	134.103	105.859	720.072	386.021	116.842

	curso 2005-06					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	234.242	20.648	19.203	118.412	53.939	22.040
Aragón	32.927	2.295	2.338	14.337	10.382	3.575
Asturias	29.887	2.059	2.549	13.527	9.923	1.829
Baleares	12.655	1.113	812	8.492	1.601	637
Canarias	45.238	4.237	2.036	22.144	12.660	4.161
Cantabria	11.063	473	284	4.898	4.494	914
Castela e León	86.088	7.521	6.346	37.202	27.095	7.924
Castela-A Mancha	27.485	2.449	1.009	14.253	7.354	2.420
Cataluña	184.014	18.476	14.480	81.816	50.801	18.441
Extremadura	24.097	1.467	1.737	10.894	6.797	3.202
Galicia	74.778	5.487	6.083	35.069	20.746	7.393
Madrid	234.919	16.431	18.456	111.948	65.680	22.404
Murcia	38.362	2.810	3.055	19.944	8.188	4.365
Navarra	16.294	362	1.000	6.283	6.164	2.485
País Vasco	60.819	4.857	4.592	27.502	20.357	3.511
A Ríoxa	6.698	1.188	398	3.217	1.646	249
C. Valenciana	140.603	12.587	10.665	60.466	44.269	12.616
UNED	63.623	24.568	6.209	25.680	7.166	-
Oberta de Cataluña	120.019	3.535	-	95.704	20.780	-
Total	1.443.811	132.563	101.252	711.788	380.042	118.166

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.11.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2004-05 e 2005-06: terceiro ciclo ⁽¹⁾

	Curso 2004-05			Curso 2005-06			05-06/04-05
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	786	402	384	841	409	432	55
Santiago	1.613	703	910	1.745	736	1.009	132
Vigo	1.324	602	722	1.352	625	727	28
Total	3.723	1.707	2.016	3.938	1.770	2.168	215

(1) incluídos os alumnos dos centros adscritos

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.12.

de (55,1%) son mulleres. Comparado co curso anterior, matriculáronse en Galicia 215 persoas máis, das que 152 son mulleres e 63 homes.

A Universidade de Santiago de Compostela foi a que acolleu o maior número de alumnos inscritos nestes cursos, con 1.745 persoas, acollendo a Universidade de Vigo un total de 1.352 persoas, e a de A Coruña, 841 doutorandos. En relación co ano lectivo anterior, a Universidade de Santiago de Compostela foi a que presentou o maior incremento, con 132 persoas máis, seguida pola de A Coruña, con 55 doutorandos máis e Vigo, con 28 alumnos máis. ■

